



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Sistemas de Información para a Xestión Documental	Código	710G04025	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información			
Coordinación	Rodríguez Luaces, Miguel	Correo electrónico	miguel.luaces@udc.es	
Profesorado	Gómez Brandón, Adrián Rodríguez Luaces, Miguel	Correo electrónico	adrian.gbrandon@udc.es miguel.luaces@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é ser capaz de deseñar e crear bases de datos, recuperar información almacenada nelas, e utilizar sistemas de xestión documental.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber modelar de forma conceptual a información dun dominio para representalo nunha ferramenta informática	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22	B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C4 C6 C7 C8
Saber implementar nun sistema xestor de bases de datos o modelo conceptual dun dominio de aplicación	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22	B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C4 C6 C7 C8



Saber introducir e extraer a información dun dominio dunha base de datos	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22	B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C4 C6 C7 C8
Saber utilizar sistemas de xestión de documentos dixitais, sistemas de xestión de bibliotecas, e bibliotecas dixitais	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22	B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C4 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Bases de datos	Metodoloxía de deseño de bases de datos Deseño conceptual de bases de datos Sistemas xestores de bases de datos: o modelo relacional Creación de bases de datos e introdución de datos Realización de consultas en sistemas xestores de bases de datos
Xestión documental	Xestión de documentos con sistemas de información Repositorios de documentos e bibliotecas dixitais Sistemas de xestión de bibliotecas
Metadatos e linguaxes de marcado	Linguaxes de marcado: XML Definición de linguaxes de marcado: XML Schema Linguaxes de descrición de metadatos: Dublin Core e METS

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C6 C7 C8	20	0	20
Prácticas a través de TIC	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C6 C7 C8	24	24	48



Traballos tutelados	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C6 C7 C8	4	76	80
Proba mixta	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C6 C7 C8	2	0	2
Atención personalizada		0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canle para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudantado e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento; as segundas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Prácticas a través de TIC Traballos tutelados Proba mixta	Se estima que entre o alumnado haberá diferencias notables tanto en canto á súa familiarización con conceptos e termos informáticos, como en canto ás habilidades para o manexo de ferramentas informáticas. Por iso, prevese desenvolver unha atención personalizada para as prácticas a través de TIC e para os traballos tutelados. A atención personalizada desenvolverase de forma individual mediante a realización de titorías mediante ferramentas informáticas e Internet (correo electrónico, Moodle o Teams).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C6 C7 C8	Avaliarase a solución aplicada polos estudantes ao problema proposto e a interacción entre os membros do grupo.	20



Traballos tutelados	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C6 C7 C8	Avaliarase a calidade dos traballos realizados	40
Proba mixta	A1 A8 A10 A13 A19 A20 A22 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C6 C7 C8	Proba escrita individual sobre contido teórico-práctico	40

### Observacións avaliación

#### PRIMEIRA OPORTUNIDADE

Para aprobar a materia é obrigatorio:

Unha NOTA MÍNIMA de 2 (sobre 4) nos traballos tutelados.

Unha NOTA MÍNIMA de 2 (sobre 4) na proba mixta.

De non obter a nota mínima nos traballos tutelados ou na proba mixta, a nota máxima global da materia non será superior a un 4,5.

Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non realice a proba mixta.

#### SEGUNDA OPORTUNIDADE

Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. A recuperación de cada unha das partes farase da seguinte forma:

Traballos tutelados (40% da nota final): realización e presentación nas mesmas condicións que na primeira oportunidade.

Proba escrita teórica e práctica (60% da nota final): corresponde á proba mixta e á recuperación da nota dos estudos de casos.

Se un/unha estudante decide non realizar a recuperación de algunha das partes, conservará a nota obtida na primeira oportunidade nesa parte.

Os/as estudantes con nota inferior a 2 nos traballos tutelados na primeira oportunidade deberán recuperalos obrigatoriamente na segunda oportunidade para aprobar a materia.

Para aprobar a materia é obrigatorio obter unha nota mínima de 2 sobre 4 no traballo tutelado, e de 3 sobre 6 na proba mixta.

Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non opte á recuperación de ningunha dúas partes.

#### DISPENSA ACADÉMICA

Dado que a asistencia ás sesións presenciais non é obligatoria, aqueles/as estudantes con matrícula a tempo parcial e dispensa académica que lles exima da asistencia ás clases terán as mesmas condicións que o resto do alumnado.

#### OPORTUNIDADE ADIANTADA

Utilizaranse os criterios da segunda oportunidade

#### IMPLICACIÓNS DO PLAXIO

A realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez verificado, implicará directamente unha nota de "0" na materia na oportunidade correspondente.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Dado o carácter esencialmente práctico desta asignatura, a bibliografía estará composta polos manuais das ferramentas informáticas descritas.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Informática para o Tratamento e Xestión da Información/710G04024

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario



Novas Tecnoloxías para o Almacenamento, Xestión e Tratamento da Información/710G04036

Representación e Recuperación Dixital da Información I/710G04007

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías